

## ACTA DO TRIBUNAL CALIFICADOR DAS PROBAS PARA A SELECCIÓN DE 1 GUÍA-ASISTENTE-INFORMADOR/A TURÍSTICO/A.

---

Proceso selectivo: Contratación de 1 guía-asistente-informador/a turístico/a mediante a modalidade de contrato laboral temporal ao longo dos meses de agosto e setembro.

No salón de actos do “Cuartel Vello” de Rianxo, sendo as dez horas, do día 21 de agosto de 2013, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para prover 1 praza de guía-asistente-informador/a turístico/a, para a Oficina de Turismo

do Concello de Rianxo ao longo dos meses de agosto e setembro, segundo subvención solicitada perante a Axencia de Turismo de Galicia ao abeiro da resolución do 18/06/2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro e se procede á súa convocatoria para o ano 2013 e segundo as bases e tribunal aprobados respectivamente por Resolución da Alcaldía núm. 364/2013 do 08 de agosto de 2013 e Resolución da Alcaldía núm. 376/2013, do 19 de agosto de 2013, coa seguinte composición:

Presidente:

D. Enrique Manuel López González (empregado do Concello de Rianxo)

Vocal:

D.<sup>a</sup> María José Fungueiriño Tubio (empregada do Concello de Rianxo)

Vocal - Secretaria:

Vicenta A. Campaña Martínez (funcionaria do Concello de Rianxo)

Pola Presidencia declarase constituído o Tribunal e dáse conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 10 de agosto de 2013 publicouse o anuncio de contratación do antedito persoal nos dous diarios de maior difusión da Comarca.

Segundo: o prazo para a presentación de candidaturas foi de dous días hábiles, tal e como establecen as bases, e rematou o día 13/08/2013.

Terceiro: o alcalde ditou o 19/08/2013 a Resolución da Alcaldía núm. 376/2013 que, ademais de nomear o Tribunal cualificador, incluía as listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas para o proceso.

Ás dez horas e dez minutos, realízase o control de asistencia á proba escrita e o acceso á sala na que se vai realizar a dita proba. Preséntanse tres das catro persoas aspirantes incluídas na listaxe definitiva de admitidos e queda excluída a aspirante Sonia Núñez Morales que non se presentou á proba.

Ás 10:15 horas iníciase a proba escrita que remata ás 10:40 horas. De seguido faise a valoración da dita proba co seguinte resultado:

ASPIRANTE	DNI	Puntuación
Briones Rial, Marcos	44847566G	8,66
Louro Enjo, Ana	44828480P	9,00
Romero Breijo, Brais	32709347N	8,33

Ás 11:00 h iníciase a valoración da documentación xustificativa dos méritos alegados polas persoas aspirantes ata as 11:30 h e obtense o seguinte resultado:

ASPIRANTE	DNI	Experiencia	Formación	Total
Briones Rial, Marcos	44847566G	0,00	0,25	0,25
Louro Enjo, Ana	44828480P	0,35	2,10	2,45
Romero Breijo, Brais	32709347N	0,00	2,10	2,10

Rematadas todas as probas e valoracións, as persoas aspirantes obteñen a seguinte puntuación final:

ASPIRANTE	DNI	TOTAL
Louro Enjo, Ana	44828480P	11,45
Romero Breijo, Brais	32709347N	10,43
Briones Rial, Marcos	44847566G	8,91

De acordo coas bases que rexen a convocatoria o Tribunal **propón** a Ana Louro Enjo para cubrir, temporalmente, a praza de guía-asistente-informador/a turístico/a, para a Oficina de Turismo do Concello de Rianxo.

Así mesmo, e segundo o recollido no parágrafo sexto do apartado 6 das bases de selección, inclúese a listaxe de suplentes por orde de prelación:

ASPIRANTE
Romero Breijo, Brais
Briones Rial, Marcos

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas, a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, que será subscriba polos membros do Tribunal.

A presente acta será exposta no Taboleiro de anuncios do Concello.